

NORMATIVA ACTUAL


Desde o 1 de outubro de 2015, os menores que midan 1,35 metros ou menos deberán viaxar nos asentos traseiros do vehículo, no seu correspondente SRI.

EXCEPCIÓNS: Nesta última modificación da normativa caben tres excepcións:

- 1.- Que as prazas traseiras xa estean ocupadas por outros menores de idade.
- 2.- Que non sexa posible instalar todas as cadeiras necesarias.
- 3.- Que se trate dun vehículo biplaza.

ISOFIX

A maioría dos coches fabricados nos últimos dez anos teñen conectores Isofix. Isto significa que se pode instalar a cadeira cun só clic, sen necesidade de usar o cinto de seguridade.



Isofix é un dos sistemas máis seguros para fixar as cadeiras de auto e garantir a mellor protección dos nenos/as.

¿CÓMO FUNCIONA ISOFIX?

Primeiro é necesario facer un clic na cadeira de auto ou base Isofix e fixala aos dous puntos de ancoraxe Isofix instalados no asento do coche.

O Isofix complétase cunha terceira pata de apoio (**FOOT PROP**). A pata de soporte é importante, xa que non só engade estabilidade á base, senón que tamén limita a rotación en caso de accidente. Axústase facilmente en altura, e suxéitase firmemente no chan do automóvil.



TOP TETHER

Trátase dun cinto que sae da parte posterior da cadeira e se suxeita ao chamado terceiro punto de ancoraxe Isofix, situado por detrás do asento onde vai instalada.

O problema é que non todos os automóviles veñen equipados con este terceiro punto, que ten que estar homologado para soportar os elevados esforzos que demanda a cadeira en caso de impacto.

Aínda que é obrigatorio desde febreiro de 2011 para os novos modelos de automóvil, aínda quedan moitos vehículos en circulación que non o levan.



Top Tether

www.santiago.org/policialocal
educacionvial@santiagodecompostela.org

SRI



SISTEMAS DE RETENCIÓN INFANTIL



POLICÍA LOCAL
Santiago de Compostela

NORMA ECE R44/04

A normativa ECE R44 foi aprobada no ano 1982 e sufriu dende entón 3 revisións (ECE R44/02, ECE R44/03 e ECE R44/04).

Desde xuño de 2009 soamente se poden vender os asentos aprobados pola última revisión, é dicir, **ECE R44/04**.

Nos próximos anos a norma ECE R/44 desaparecerá e soamente se permitirá o uso de SRI homologados de acordó coa **normativa I-SIZE ECE R-129, en vigor desde 2013**.



	GRUPO 0	GRUPO 0+	GRUPO 1	GRUPO 2	GRUPO 3
PESO	Ata 10 kg	0 a 13 kg	9 a 18 kg	15 a 25 Kg	22 a 36 Kg
IDADE	Ata 9 meses	Ata 18 meses	De 9 meses a 3 anos	3 a 6 anos	6 a 12 anos
DISPOSITIVO	Cuco para bebés Arnés de seguridade para seirón.	Cadeira en posición contraria ao sentido da marcha	Cadeira en posición contraria ao sentido da marcha Cadeira no sentido da marcha	Asento con axuste á altura da cinta do vehículo Coxín elevador con respaldo	Coxín elevador Axuste á altura da cinta Cintos especiais

NORMA I-SIZE ECE R-129



¿QUE DIFERENZAS TEN O I-SIZE A RESPECTO DA NORMA R44?

Coa norma R44/04 os/as nenos/as poden viaxar en cadeiras convencionais (grupo I) e no sentido da marcha sempre que pesen máis de 9 kg.

Con i-Size, os/as nenos/as deberán ter polo menos 15 meses para iren sentados nun SRI no sentido da marcha.

Os produtos i-Size deben superar unha proba de impacto lateral adicional para obter a homologación.

O novo sistema i-Size está baseado na relación que existe entre idade e altura, en lugar de peso, como ata agora.



¿TEÑO QUE RETIRAR MIÑA CADEIRA ACTUAL E CAMBIALA POR UNHA COA NOVA HOMOLOGACIÓN I-SIZE?

NON, ata o ano 2018 convivirán as dúas normas (R/44 e I-SIZE) e poderanse mercar e utilizar ambos modelos, aínda que deberíamos ter en conta, se necesitamos adquirir unha nova, que a nova norma i-Size nos permite prolongar a posición do/a neno/a en sentido contrario á marcha ata ós 15 meses de idade.

Esta nova normativa, de momento, non implica ningún cambio para as familias que xa dispoñen dun SRI.

¿QUE MELLORA A NOVA REGULACIÓN I-SIZE?

Ofrece maior seguridade dos nenos/as ao prolongar a colocación no sentido inverso á marcha ata os 15 meses, o que reduce os riscos e danos na cabeza ou no pescozo.



PRAZOS INTEGRACIÓN DA NORMA I-SIZE

2018: Deixaranse de fabricar SRI conforme á norma ECE R/44.

2023: Deixaranse de vender SRI conforme á norma ECE R44.

2028: Prohibirase o uso de SRI ao abeiro da norma ECE R44, e a partir desa data, só se poderán utilizar os que cumpran coa norma i-Size.